



*Pedro Corsino (Agosto de 2009)*

## *PARTE I*

*Monforte, amigas e amigos, xente de aquí e de alá, xente de ningún lugar, a todos os que vos achegades hoxe a esta cidade para celebrar as festas patronais na honra da Nosa Señora de Montserrat, benvidos.*

*Escribir un pregón pode parecer sinxelo e carente de maior relevancia, pero para min foi difícil xa que tiven que condensar os meus sentimentos sobre Monforte e o que iso significa na miña vida, e facelos compaxinar coa función dun pregón, que non é outra que a de chamar e incitar á ledicia, á entrega e á maxia da festa.*

*Ao fin, o desafío foi tremendamente suxestivo, porque reclamar o sorriso cando este xa non está, invocar o baile cando a vida xa non nos marca o ritmo non é sinxelo. Dende aquí tentarei lembraros que a vida esta aí para saírllle ao encontro, que hai un milleiro de motivos para entregarse a ela e deixar que estes días nos abraien gozando dos mellores momentos. Que o desafío non debería ser outro que gozar e cometer a loucura de deixármonos seducir pola música, polo*



*baile, polos encontros, polos reencontros... Motivos, motivos hai milleiros para festexar.*

*Estes días hai que saír ás súas rúas, para convertelas nun espazo de relacións sociais. Monforte esta aquí disposta a acubillar a todos porque a súa vocación é esa, a que a configurou como a cidade que é hoxe en día, lugar feito de aluvión, de tempos e feitos agregados; e, ao igual que o Cabe vai deixando nas súas beiras restos doutras terras, Monforte vai acollendo a quen por ela pasa.*

## **PARTE II**

*O tempo actual é a suma de todos os tempos pasados, do que fomos e do que non fomos, e é que cada rúa, cada edificio, cada pequena cousa garda o recordo da súa historia.*

*Monforte é produto do tempo, da historia e de quen a habitou en tempos diferentes, pero ela tamén é xeradora de historia. Gústame escudriñar nas súas orixes, mestura de verdade e de ficción, de historia e de lenda, que a fan aínda máis bela e misteriosa.*



*En Monforte, como en poucos lugares, sintese, sinto a presenza da Historia dunha forma case física, máxica, que se me impón e condiciona.*

*Asentada no val, cidade sempre habitada, castrexa, cidade ou asentamento romano, mítico Castro Dactonio, sueva e medieval co vello burgo, o mosteiro dos bieitos, o pazo e a torre nas alturas, as rúas de artesáns arredor, o barrio xudeu e os arrabaldes. Cidade que se asenta e se estende no XVI coa arte do Renacemento; cidade de estudo, de coñecemento; cidade que pasou da formación nos clásicos ao desenvolvemento e fundación do Seminario de Estudos, xerme da Universidade en Galicia; cidade de artesáns e obreiros, cidade aberta aos camiños e aos catro ventos..*

*Aquí nesta terra están a meirande parte dos meus afectos, a gran familia, as amigas e os amigos que me van acompañando neste percorrido, aquí descansan moitos dos meus soños, e recompóñense os anacos de outros rotos.*



## PARTE III

*Monforte é cidade vella, cansada e vencida, asoballada e subordinada. Vive desde mediados do século pasado cun certo aire de depresión colectiva, cun sentimento similar ao do poema rosaliano:*

*Este vaise e aquel vaise,  
e todos, todos se van*

*Fixeron dúas estradas de acceso a Galicia, dúas estradas de difícil construción entre altos montes e nevadas permanentes no inverno, cando todo o mundo acepta que a única entrada natural a Galicia vai ou debería ir pola beira do río. Monforte perdeu o cuartel militar, levaron os frigoríficos da Frigsa, mudaron o Depósito a Ourense e trasladaron os talleres da Renfe a León ou foron para Vilagarcía. E todo iso sen razóns técnicas. Ningún deses sitios tiña mellores condicións xeográficas, de entorno e de accesibilidade que Monforte. ¡Canta ruindade, canta ignorancia, canto caciquismo para poder levar a cabo todo ese desmantelamento da cidade!*



*O peor foi que, parafraseando unha frase do filme Sen perdón, «cando roubas a alguén, non só lle quitas todo o que ten senón tamén todo o que podería chegar a ter».*

*A saída é a recuperación do corpo e, sobre todo, a alma de Monforte.*

*Hoxe volvemos a ter motivos para a esperanza. Os tempos de silencio xa pasaron e o prezo que pagamos foi ben alto. Hoxe quero pedir unidade a todos os partidos, a todas as asociacións, a todos os veciños, presentes e ausentes, cada un no lugar que ocupe, para que Monforte nunca mais deixe pasar unha oportunidade de que lle devolvan o que é seu, o que pola Historia lle pertence.*

*As estradas e as vías do tren non poden ter cor política e poden darlle ese carácter de nó de comunicacións que nunca, salvo pola insidia, debeu perder.*

*Despois xa poden vir áreas de distribución, novas empresas e industrias.*

*Unha vez conseguido o diálogo co río, haberá que relacionar con sutileza esas dúas realidades urbanas que deambulan entre o vello burgo, disposto o longo de*



*estreitas rúas que van tomando un respiro nas prazas do baixo do monte, fortemente ferido pola desidia de anos, co Monforte do val, mais moderno, banal e indiferente esfumando o límite que enfronta a severidade pétrea do núcleo histórico e a vacilación e imperfección da cidade. Hai que darlle o tempo de pensar para non cometer erros que hoxe cargamos como lastre. Trátase mais de crear espazos de convivencia colectiva que de xeometrías.*

*Pero sobre todo hai que recuperar a alma. Recuperar a alma de Monforte.*

*Recuperar o Monforte sensible que se botou a rúa a principios de século para impedir á saída dun cadro, da Adoración dos Reis de Van der Goes, o coñecido agora en Alemaña, na Gemäldegalerie de Berlín como Altar de Monforte.*

*Recuperar o Monforte espiritual que se prostra ao pé do Cristo magnífico de mármore de Valerio Cioli*

*Recuperar o Monforte vinculado coa terra das Irmandades da Fala.*

*Recuperar o Monforte altruista das monxas do asilo que acollen as nosas liñas tortas, os "renglons torcidos", permitíndonos manter o sorriso da sociedade do*



*benestar.*

*Recuperar o Monforte con fame de futuro que se botou a rúa nos anos vinte para reclamar un aeródromo.*

*Recuperar o Monforte culto do Seminario de Estudos, xerme da Universidade.*

*Recuperar a educación, a forma máis revolucionaria de mudar as estruturas sociais inxustas, facer máis accesible a entrada na sociedade do coñecemento e estimular os nosos mozos na ética do esforzo e do traballo. Di Benxamin Franklin: «A educación é o investimento que produce mellores intereses». Pois ben, deses intereses é dos que eu espero a recuperación de Monforte.*

## **PARTE IV**

*Ninguén mellor que eu podería dar testemuño de ata que punto condiciona e por tanto limita unha infancia declaradamente feliz. Peor: acompañada frecuentemente da conciencia angustiada de que iso era a felicidade, ou polo menos así o recordo. E por outra parte creo de forma absoluta como Rilke que «a verdadeira patria do home é a infancia».*



*Eu nacín e vivín nun mundo de transición: na Florida. Transición entre a tradición e a modernidade, entre o urbano e o rural, o progreso industrial e o agro, o tractor e o legón. Daquela no barrio facíase a malla, tiñamos a vaca debaixo da casa, o colchoeiro refacía, enchía, cosía os colchóns e o leite traíano as leiteiras no burro e sen pasteurizar. Un mundo para nós tan afastado que, cando íamos á rúa do Cardeal ao cine, dicíamos: «vamos ao pobo».*

*A Florida era e é un barrio caracterizado por ser encrucillada de camiños, lugar de tránsito, no que ían acabar oito rúas e sobre todo dúas vías, cara a Ourense e cara a Castela, que lle daban a todo un aire fuxidío, de présa, de ausencia, de que había outros mundos ben diferentes mais aló do último asubío do tren.*

*O paso a nivel como vértice, como límite e fronteira, era un meeting point, un lugar de encontro. A xente, e sobre todo os pequenos, saían da casa e sabían que o lugar de reunión prefixado dende había décadas era o paso a nivel e o anfitrión, o gardabarreiras. A conversación mantiñase aberta e lúcida as 24 horas do día, verán e inverno. As relacións eran horizontais, non xerárquicas; nenos e vellos*





sostiñan con igual vehemencia os seus puntos de vista. Alí, nesa escola universal e peripatética (había que andar e cerrar de vez en cando as cancelas), aprendín as cuestións básicas da filosofía: a morte, a vellez, o sexo, a violencia, con moita ignorancia pero con moitos, moitos risos.

Non era un barrio ilustrado, ningún falaba de libros ou algo que parecese cultura. Pero a xente era capaz de adaptarse ás novas realidades mantendo as usanzas tradicionais, sabía o que era xusto e o que non, e sobre todo o que estaba ben feito e o que non. Preferíase a xustiza ás leis.

Non vos teño que explicar que aquel era un mundo pretecnolóxico; xogábase na rúa, de sol a noite pecha. Os xogos variaban de tempada en tempada: agora toca xogar ás bolas, agora ao guá, deixando todo socavado como un campo de toupeiras, agora ao peón, algunha vez explicábase a billarda e agora o cravo. Unha especie de lei do mercado rixida e inflexible como as estacións do ano. E sempre, sempre, cunha presenza constante, o fútbol. Dúas pedras a cada lado e, para darlle co pé, calquera cousa que fose redonda.

Pero as festas patronais si que eran as miñas festas. Toda a ilusión, táctica e



*estratexias postas ao servizo dun bo baile concentrábanse naqueles días. Xa uns días antes, unha lectura atenta e profunda do programa de festas, que traía sempre meu pai. Cantas ilusións e cántas frustracións. O martes, loita libre; o mércores, corrida de touros; o xoves, boxeo. Aquela parte, para nós excitante: ¿será verdade? Case nunca se chegaba a cumprir. ¡Pero que fantasías tiñan aqueles da comisión!*

*As festas, e non era pouco, eran luces de cor, orquestras (nunca moi boas), charangas, cabezudos e algunha banda, a sempre constante banda de Sober, cantos e bailes folclóricos, algúns deportes (neste eido podía haber sorpresas) e moita xente. Para min, a xente na rúa nas festas de Monforte sempre foi a medida da multitude.*

*As festas nunca tiveron sinais de identidade específicos. Tentamos coas carrozas, coas misses, cos mais enxebres carros, probamos con pancetadas e por probar hasta coa pesca de ciprinidos, ¡qué xa é probar! Co transcurso dos anos quedamos só cos foguetes e, sobre todo, (¡podo dicilo, Sr Alcalde?) cos fogos do río.*

*Di Manuel María:*



*Polas festas patronais  
perdereime entre o xentío  
¡verei as fenomenais*

*Sesiós de fogos no río!*

*Agora, o que me queda de propio son os encontros e os reencontros, as caras xa coñecidas e as sempre novas por descubrir no decorrer da vida.*

*¿Onde vou cando marcho? A calquera parte, ao indeterminado, á vasta terra que se chama «lonxe da casa». Pero cando volvo, sei que teño una meta precisa e clara, nidia como a diana que se alza no fondo do campo de tiro, inconfundible: ¡a casa, a casa! A fin de contas, iso debe significar que nunca consigo afastarme de todo, por lonxe que vaia. Como tantas veces, podo expresar a miña disposición con palabras de Montaigne: «viáxase cara o que sexa, ao capricho, volvese ao imprescindible».*

*¿Viaxeiro, non?. Non, só regresador.*

*«Se Ulises ten unha Ítaca e volve eternamente a ela, ¿por que eu non hei ter Monforte e volver sempre que queira?»*



## PARTE V

*Agora, e como remate, quérovos contar unha anécdota: hai un tempo, estando no quirófano agardando que chegara o seguinte paciente, vexo vir un vulto embozado e cos ollos pechados. Era un rapaz aínda novo que, ao oír a miña voz de saúdo, abriu os ollos, fitoume e díxome: «Sentidiño, doutor, sentidiño».*

*Ben, pois con sentidiño prescribo a correspondente receita:*

*Dp./ Leducia + tolerancia + respecto mutuo +. Aceptación e integración do diferente, do illado. Mestúrense a partes iguais.*

*Excipiente: viño da Ribeira Sacra, viño humano, feito á medida da sede do home, en cantidade suficiente, para que non se altere o efecto dos distintos compoñentes.*

*E con sentidiño tómese en dose axeitada, tres veces ao día e que nos faga efecto permanente e duradeiro.*

*Dito isto, Monforte, estamos aquí para festexarte. Así que vos convido a todos a brindar por ela e pola súa xente, coa ledicia de estar a festexar tamén a vida.*

*PEDRO CORSINO*